

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ciencia política: Institucións e políticas da Unión Europea				
Materia	Ciencia política: Institucións e políticas da Unión Europea			
Código	P04G092V01107			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Cancela Outeda, Celso			
Profesorado	Cancela Outeda, Celso Cordal Rodríguez, Constantino			
Correo-e	ccancela@uvigo.gal			
Web	http://csc.uvigo.es/profesorado/celso-cancela-outeda/			
Descrición xeral	A Unión Europea condiciona eidos importantes das nosas vidas como cidadáns, así como a actuación e funcionamento das institucións político-administrativas (parlamentos, gobernos, administracións públicas....) e de actores políticos (partidos políticos, sindicatos...). Tendo en conta esta realidade, o estudante do Grao en Dirección e Xestión Pública debe dispor dun conxunto de conceptos e nocións básicas que lle permitan comprender o proceso de integración europea e o funcionamento das institucións da Unión Europea e as políticas comúns. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias	
Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo
B2	Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima
B3	Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares
B4	Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público
B5	Razonar criticamente
C2	Recoñecer a estrutura e o funcionamento dos sistemas políticos e das institucións políticas
C3	Identificar os fundamentos da política comparada nun contexto de globalización
C5	Describir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía
C6	Aplicar os coñecementos relacionados coa planificación e a xestión administrativa para unha óptima gobernanza

C12	Analizar a política internacional e/ou a estrutura e o funcionamento da Unión Europea
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiales (castelán e galego) como nunha lingua extranxeira
D4	Dominar as TIC relationadas coa titulación no ámbito académico e profesional
D5	Integrar a aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Identificar os elementos conceptuais básicos sobre os que se fundamenta a integración europea e a Unión Europea	A1 A2	B1 B5	C2 C3 C5	D2
Recoñecer o significado, os contidos e diversas teorizacións sobre a Unión Europea	A4 A5	B1 B2 B3	C5 C6 C12	D2 D5
Coñecer os aspectos elementais da organización da Unión Europea.	A2 A3	B2 B5	C5 C12	D5
Interpretar a realidade política cotiá dende unha perspectiva multinivel (local, rexional, estatal, supraestatal e global)	A3 A4	B1 B5	C3 C5 C6	D5
Identificar os elementos conceptuais básicos para fomentar a análise política				
Recoñecer as implicacións do funcionamento da Unión Europea a través do exame das súas políticas públicas	A3 A5	B2 B4	C2 C5	D4 D5

Contidos

Tema	
1. Aproximación á actual Unión Europea	1.1 Datos básicos sobre a UE 1.2 Panorámica comparativa
2. Historia política da integración europea	2.1 Principais fases históricas do proceso de integración (1950-2021) 2.2 A UE no século XXI: perspectivas e desafíos
3. A Unión Europea: conceptos e teorías	3.1 Teorías sobre a integración europea 3.2 Que é a UE? Enfoques teóricos 3.3 A UE como organización internacional 3.4 A UE como sistema político. 3.5 A UE como sistema de gobernanza. 3.6 Teorías e políticas públicas
4. Institucións e órganos da Unión Europea	4.1 Institucións 4.1.1 Consello Europeo. 4.1.2 Consello da Unión Europea 4.1.3 Comisión Europea 4.1.4 Parlamento Europeo 4.1.5 Tribunal de Xustiza 4.1.6 Banco Central Europeo 4.1.7 Outras institucións: Tribunal de Contas 4.2 Órganos da UE. 4.3 As axencias da UE 4.4 A función pública europea
5. O proceso político e políticas públicas na Unión Europea	5.1 Como se decide na UE? Modos e caracteristicas 5.2 Procedemento lexislativo ordinario: interaccións institucionais 5.3 Actores clave e dinámicas informais. 5.4 Implementación de políticas públicas e feedback
6. As normas da Unión Europea	6.1 Clases de normas europeas: Dereito orixinario e derivado. 6.2 Tipos de normas derivadas: regulamentos, directivas e decisións. 6.3 A xurisprudencia do Tribunal de Xustiza. 6.4 Outros tipos: tratados internacionais e principios xerais do Dereito. 6.5 A relación entre o Dereito europeo e o estatal: efecto directo e primacía. 6.6 A aplicación das normas europeas (referencia)
7. Aproximación ás políticas públicas da Unión Europea	7.1 Introdución xeral 7.2 Orixes e evolución histórica 7.3 Tipos de políticas públicas europeas 7.4 Políticas europeas e sistemas políticos estatais: a europeización.

8. Políticas públicas: regulación, estabilización e redistribución	8.1 Mercado interior: política regulatoria e política de competencia 8.2 Política comercial 8.3 Política monetaria 8.4 Política fiscal 8.5 Política agrícola 8.6 Política rexional e de cohesión 8.7 Política social e de emprego 8.8 Política pesqueira 8.9 Política medioambiental 8.10 Xustiza e asuntos de interior (asilo, inmigración, control de fronteiras e cooperación policial e xudicial) 8.11 A Unión Europea como actor global: política exterior e de seguridade europea 8.12 Outras políticas (referencia)
9. O orzamento europeo	9.1 Evolución histórica 9.2 Ingresos e gastos 9.3 Marco financeiro plurianual 9.4 Procedemento orzamentario anual

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	25	40	65
Seminario	9	20	29
Debate	9	12	21
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
Autoavaliación	2	10	12
Debate	1	2	3
Traballo	1	3	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos básicos da materia obxecto de estudo
Seminario	Sesións presenciais e utilización foro de dúbidas e atención titorial. Actividade docente encamiñada a desenvolver un tema específico para afondar ou complementar os contidos da materia.
Debate	Proposición dun tema relacionado coa materia e exposición de argumentos e ideas, en grupo ou individualmente,

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Seminario	O alumnado poderá resolver dubidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe
Debate	O alumnado poderá resolver dubidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe
Probas	**Descrición**
Autoavaliación	O alumnado tanto da modalidade presencial como semipresencial poderá resolver dubidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas obxectivas	Realización de probas test sobre as principais partes da materia.	40	A1 A3 A5	B1 B2 B5	C6	D4 D5
Autoavaliación	Elaboración de probas test sobre os temas recollidos na guía docente.	30	A3 A5	B1 B2	C6 C12	D4 D5
Debate	Exposición de argumentos e ideas sobre as bases teórica da materia.	10	A1 A3 A4	B5	C2 C6	D2 D5

Traballo	Elaboración dunha tarefa ou encargo conforme ás pautas facilitadas polo docente.	20	A1 A3 A4 A5	B5	C5 C12	D2 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para a aplicación dos criterios de avaliación será requisito indispensable a obtención de alomenos 0,5% en cada un dos apartados.

Na convocatoria extraordinaria (ou segunda oportunidade xuño-xullo), os criterios de avaliación aplicables serán os mesmos que na primeira convocatoria .

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

HIX, SIMON-Bjørn Høyland, **Sistema político de la Unión Europea**, 3ª, McGrawHill, 2011

Ramona Coman, Amandine Crespy, Vivien A. Schmidt, **Governance and Politics in the Post-Crisis European Unio**, Cambridge University Press, 2020

Mangas Martin, A. Liñán Nogueras, D., **Instituciones Y Derecho De La Union Europea**, 10ª, Tecnos, 2020

Calvo Hornero, A., **Fundamentos de la Unión Europea**, Ramón Areces, 2019

CORDAL, C y PARDELLAS, X., **Política e economía da Unión Europea**, 1, Serv. Pub UVigo, 2016

Escobar Hernández, C, **Instituciones de la Unión Europea**, 1, Tirant lo Blanch, 2012

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ciencia política: Gobernanza, globalización e dereitos humanos/P04G092V01105
Ciencia política: Políticas públicas/P04G092V01109

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ciencia política: Ciencia política/P04G092V01101

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Non se contemplan modificacións nas metodoloxías docentes coa única salvedade e que os contidos teóricos poderán ser impartidos de xeito non presencial.

Os mecanismos non presenciais de atención ao alumnado (titorías) serán o despacho virtual do campus remoto no horario indicado e o correo electrónico.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non se contemplan modificacións nos sistemas de avaliación máis aló da posibilidade de que algunha das probas de avaliación teñan que realizarse de xeito non presencial.